

III. OUTRAS DISPOSICIÓNS

CONSELLERÍA DO MAR

ORDE do 12 de decembro de 2011 pola que se convocan axudas aos investimentos a bordo de buques pesqueiros e selectividade para o exercicio 2012, cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca (FEP), tramitada como anticipado de gasto.

Mediante a Orde do 31 de maio de 2010 (DOG número 105, do 4 de xuño) establecéronse as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas aos investimentos a bordo de buques pesqueiros e selectividade, cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca, en virtude do Regulamento (CE) n.º 1198/2006 do Consello, do 27 de xullo, relativo ao Fondo Europeo de Pesca (FEP).

A orde de bases reguladoras establece no artigo 3 que o crédito anual existente fixarase en cada orde de convocatoria e no artigo 15 que os criterios de selección poderán ser modificados en cada convocatoria.

Ademais, o artigo 1.1.1 da Orde do 11 de febreiro de 1998 (DOG número 34, do 19 de febreiro) sobre tramitación anticipada de expedientes de gasto, modificada pola Orde do 27 de novembro de 2000 (DOG número 231, do 29 de novembro) e pola Orde do 25 de outubro de 2001 (DOG número 209, do 29 de outubro), establece que os expedientes de gasto relativos a subvencións se poderán iniciar sempre que as necesidades que se teñan que satisfacer poidan ser razoablemente previstas anticipadamente no exercicio inmediatamente anterior ao dos orzamentos con cargo aos cales se vaian imputar os correspondentes gastos, mesmo cando a súa execución se realice nunha ou en varias anualidades; no primeiro caso, sempre que exista crédito adecuado e suficiente no proxecto de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma aprobado polo Consello da Xunta de Galicia que corresponda ao exercicio orzamentario en que se vai materializar a contraprestación, e no segundo, sempre que exista crédito para a primeira anualidade e que se cumpran os requisitos do artigo 58 do Decreto legislativo 1/1999, do 7 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de réxime financeiro e orzamentario de Galicia.

O artigo 3.3.3 estende expresamente esta posibilidade de tramitación anticipada aos expedientes relativos ás bases reguladoras ou convocatorias de axudas derivadas da aplicación de regulamentos comunitarios con financiamento procedente de fondos europeos, sempre que exista regulación das axudas pola Unión Europea ou de ámbito estatal ditada en desenvolvemento ou transposición dela e existan compromisos de financiamento destinados á aplicación das correspondentes medidas.

Con base no anterior, procede convocar para o ano 2012 as axudas aos investimentos a bordo de buques pesqueiros e selectividade fixando o crédito orzamentario así como os criterios de selección que se van aplicar.

Por todo isto, e de acordo co disposto no artigo 30.1.º.3 do Estatuto de autonomía de Galicia, e en uso da competencia que me confire a Lei 1/1983, do 22 de febreiro, de normas reguladoras da Xunta e da súa Presidencia,

DISPOÑO:

Artigo 1. Convocatoria de axudas.

Convócanse para o exercicio 2012 axudas aos investimentos a bordo de buques pesqueiros e selectividade que se rexerán polas bases e condicións e de acordo co procedemento establecido na Orde do 31 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras destas axudas (DOG número 105, do 4 de xuño).

Artigo 2. Crédito orzamentario.

1. Para o ano 2012 as axudas concederanse con cargo á aplicación orzamentaria 14.02.723A.770.3 da Lei de orzamentos xerais da Comunidade Autónoma de Galicia para ese ano, cun importe 7.000.000 euros. A concesión da subvención queda condicionada á existencia de crédito adecuado e suficiente.

2. O importe fixado no punto anterior deste artigo poderase ampliar con fondos incorporados e remanentes adicionais, sen que iso dea lugar á apertura dun novo prazo de presentación de solicitudes.

3. As axudas estarán limitadas, en todo caso, ás dispoñibilidades orzamentarias.

4. As axudas mencionadas contan co financiamento do FEP nun 61% e do Estado membro nun 39%.

Artigo 3. Prazo de presentación de solicitudes.

1. Para esta convocatoria de 2012 o prazo de presentación de solicitudes será ata o 15 de marzo de 2012, sempre que houbese como mínimo un mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde de convocatoria no *Diario Oficial de Galicia*. No caso

contrario o prazo será dun mes contado desde o día seguinte ao da publicación desta orde no dito diario oficial. Neste último caso, entenderase como último día do prazo o correspondente ao mesmo ordinal do día da publicación. Se o último día do prazo fose inhábil, entenderase prorrogado ao primeiro día hábil seguinte e, se no mes de vencemento non houberse día equivalente ao inicial do cómputo, entenderase que o prazo expira o derradeiro día do mes.

2. A solicitude e a documentación indicada no artigo 12 punto 2 da orde reguladora destas axudas (Orde do 31 de maio de 2010) presentaranse nas delegacións territoriais da Xunta de Galicia ou, en calquera dos lugares previstos no artigo 38.4.º da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e procedemento administrativo común. Así mesmo tamén se poderá presentar na sede electrónica <https://sede.xunta.es>.

Artigo 4. *Criterios de selección.*

1. Para a convocatoria do ano 2012 os criterios de selección serán os seguintes:

A) Frota de artes menores.

1.º. Investimentos na mellora das medidas de seguridade: 80 puntos.

2.º. Investimentos na mellora das condicións de traballo: 64 puntos.

3.º. Investimentos na mellora das condicións de hixiene ou na mellora da calidade dos produtos: entre 60 e 52 puntos.

i) Substitución de madeira naquelas partes da embarcación ou noutros elementos que estean en contacto cos produtos da pesca por material impermeable e adecuado para o contacto cos produtos da pesca: 60 puntos.

ii) Sistemas que melloren a conservación dos produtos da pesca a bordo (no caso do peixe, habilitación da embarcación para asegurar temperaturas próximas á fusión do xeo ou, no caso do marisco, que non afecte negativamente a súa inocuidade ou viabilidade): 56 puntos.

iii) Sistema de mellora da rastrexabilidade dos produtos pesqueiros a bordo e outros investimentos distintos dos anteriores: 52 puntos.

4.º. Investimentos na mellora da selectividade ou substitución das artes de pesca: 24 puntos.

5.º. Investimentos do artigo 6.2 da orde reguladora destas axudas (Orde do 31 de maio de 2010): 16 puntos.

6.º. Substitución do motor: 12 puntos.

7.º. Cambio do motor auxiliar como mellora do rendemento enerxético distinto do abranguido na definición do artigo 2 da Orde do 10 de xuño de 2011 pola que se convocan para o ano 2011, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a investimentos a bordo dos buques pesqueiros para mellorar o rendemento enerxético, cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca (DOG número 120, do 23 de xuño): 4 puntos.

B) Frota de cerco.

1.º. Investimentos na mellora das medidas de seguridade: 80 puntos.

2.º. Investimentos na mellora das condicións de traballo: 64 puntos.

3.º. Investimentos na mellora das condicións de hixiene ou na mellora da calidade dos produtos pesqueiros: entre 60 e 52 puntos.

i) Substitución da madeira nas bodegas ou partes do buque que estean en contacto cos produtos pesqueiros por material impermeable e adecuado para o contacto cos produtos da pesca: 60 puntos.

ii) Sistemas que melloren a conservación dos produtos da pesca a bordo: 56 puntos.

iii) Sistema de mellora da rastrexabilidade dos produtos pesqueiros a bordo e outros investimentos distintos dos anteriores: 52 puntos.

4.º. Investimentos na mellora da selectividade ou substitución das artes de pesca: 24 puntos.

5.º. Investimentos do artigo 6.2 da orde reguladora destas axudas (Orde do 31 de maio de 2010): 16 puntos.

6.º. Substitución do motor: 8 puntos.

7.º. Cambio do motor auxiliar como mellora do rendemento enerxético distinto do abranguido na definición do artigo 2 da Orde do 10 de xuño de 2011 pola que se convocan para o ano 2011, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a investimentos a bordo dos buques pesqueiros para mellorar o rendemento enerxético, cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca (DOG número 120, do 23 de xuño): 4 puntos.

C) Frota de arrastre litoral e arrastre en augas de Portugal.

1.º. Investimentos na mellora das medidas de seguridade: 80 puntos.

2.º. Investimentos na mellora das condicións de traballo: 64 puntos.

3.º. Investimentos na mellora das condicións de hixiene ou na mellora da calidade dos produtos pesqueiros: 52 puntos.

4.º. Investimentos na mellora da selectividade ou substitución das artes de pesca: 40 puntos.

5.º. Investimentos do artigo 6.2 da orde reguladora destas axudas (Orde do 31 de maio de 2010): 16 puntos.

6.º. Substitución do motor: 8 puntos.

7.º. Cambio do motor auxiliar como mellora do rendemento enerxético distinto do abranguido na definición do artigo 2 da Orde do 10 de xuño de 2011 pola que se convocan para o ano 2011, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a investimentos a bordo dos buques pesqueiros para mellorar o rendemento enerxético, cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca (DOG número 120, do 23 de xuño): 4 puntos.

D) Frota do caladoiro Cantábrico-Noroeste distinta das anteriores.

1.º. Investimentos na mellora das medidas de seguridade: 80 puntos.

2.º. Investimentos na mellora das condicións de traballo: 64 puntos.

3.º. Investimentos na mellora das condicións de hixiene ou na mellora da calidade dos produtos pesqueiros: entre 60 e 52 puntos.

i) Substitución da madeira nas bodegas ou partes do buque que estean en contacto cos produtos pesqueiros por material impermeable e adecuado para o contacto cos produtos da pesca: 60 puntos.

ii) Sistemas que melloren a conservación dos produtos da pesca a bordo: 56 puntos.

iii) Sistema de mellora da rastrexabilidade dos produtos pesqueiros a bordo e outros investimentos distintos dos anteriores: 52 puntos.

4.º. Investimentos na mellora da selectividade ou substitución das artes de pesca: 24 puntos.

5.º. Investimentos do artigo 6.2 da orde reguladora destas axudas (Orde do 31 de maio de 2010): 16 puntos.

6.º. Substitución do motor: 8 puntos.

7.º. Cambio do motor auxiliar como mellora do rendemento enerxético distinto do abranguido na definición do artigo 2 da Orde do 10 de xuño de 2011 pola que se convocan para o ano 2011, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a investimentos a bordo dos buques pesqueiros para mellorar o rendemento enerxético, cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca (DOG número120, do 23 de xuño): 4 puntos.

E) Frota de altura (pesqueira comunitaria).

1.º. Investimentos na mellora das medidas de seguridade: 80 puntos.

2.º. Investimentos na mellora das condicións de traballo: 64 puntos.

3.º. Investimentos na mellora das condicións de hixiene ou na mellora da calidade dos produtos: 52 puntos.

4.º. Investimentos na mellora da selectividade ou substitución das artes de pesca: 40 puntos.

5.º. Investimentos do artigo 6.2 da orde reguladora destas axudas (Orde do 31 de maio de 2010): 20 puntos.

6.º. Cambio do motor auxiliar como mellora do rendemento enerxético distinto do abranguido na definición do artigo 2 da Orde do 10 de xuño de 2011 pola que se convocan para o ano 2011, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a investimentos a bordo dos buques pesqueiros para mellorar o rendemento enerxético, cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca (DOG número 120, do 23 de xuño): 12 puntos.

7.º. Substitución do motor: 8 puntos.

F) Frota de grande altura (pesqueira internacional).

1.º. Investimentos na mellora das condicións de traballo: 64 puntos.

2.º. Investimentos na mellora das condicións de hixiene ou na mellora da calidade dos produtos: 52 puntos.

3.º. Investimentos na mellora das medidas de seguridade: 50 puntos.

4.º. Investimentos na mellora da selectividade ou substitución das artes de pesca: 40 puntos.

5.º. Investimentos do artigo 6.2 da orde reguladora destas axudas (Orde do 31 de maio de 2010): 20 puntos.

6.º. Cambio do motor auxiliar como mellora do rendemento enerxético distinto do abranguido na definición do artigo 2 da Orde do 10 de xuño de 2011 pola que se convocan para o ano 2011, en réxime de concorrencia competitiva, axudas a investimentos a bordo dos buques pesqueiros para mellorar o rendemento enerxético, cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca (DOG número 120, do 23 de xuño): 12 puntos.

7.º. Substitución do motor: 8 puntos.

2. Ademais, engadiranse 5 puntos por cada un dos aspectos que a continuación se indican, para o cal deberán cubrir o anexo VI co que proceda:

I. Naquelas frotas en que proceda, o buque sexa provedor habitual da marca de calidade «pescadeRías».

II. O armador ou propietario do buque teña acordos con outros armadores para a redución de custos de polo menos o buque para o cal solicita axuda.

III. O buque teña mulleres enroladas desde polo menos a data da presentación da solicitude.

IV. O buque teña asinado un convenio colectivo ou estea adherido a algún existente.

V. O buque pertenza a unha organización de produtores.

VI. O buque pertenza a algunha organización promotora dalgunha medida de autorregulación (norma de extensión, etc...) nos últimos 3 anos.

VII. O buque teña implantado un sistema de xestión da calidade, seguridade alimentaria ou de xestión ambiental.

VIII. Polo menos nunha parte o buque interveña na comercialización dos seus produtos pesqueiros.

IX. A empresa solicitante da axuda favoreza a inserción laboral de discapacitados ou persoas en situación de exclusión social.

A Administración poderá requirir de oficio ou ao interesado a documentación que considere oportuna para a verificación destes feitos.

3. No caso de empate terá preferencia o buque de menor antigüidade. De seguir o empate, terán preferencia os que presentasen antes a solicitude de axuda.

En calquera caso, terán prioridade sobre o resto da frota os barcos de artes menores.

4. Terase en conta o Rexistro de Buques Pesqueiros da Comunidade Autónoma de Galicia para a inclusión dos buques nas epígrafes indicadas no punto 1 deste artigo.

Disposición transitoria primeira.

Para esta convocatoria do 2012 entenderase por folia de asento actualizada, segundo indica o artigo 12, punto 2, letra f), aquela que sexa expedida nos 3 meses anteriores contados desde a data de publicación desta orde.

Disposición transitoria segunda.

Cando o buque estea nalgún porto fóra do territorio nacional, para esta convocatoria do ano 2012 e en relación ás certificacións de non inicio e fin de obra reguladas, respectivamente, nos artigos 9 e 19 da dita orde reguladora, a Administración, por causas xustificadas, poderá determinar a necesidade de que unha(s) persoa(s) designada polo director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica se despraze ata

onde estea o buque para realizar a visita *in situ*, e correrá cos gastos do dito desprazamento o solicitante da axuda.

Disposición transitoria terceira.

Para a realización das actas de inicio e fin de obra desta convocatoria o interesado deberá poñer os medios necesarios que faculden a dita inspección, asumindo os gastos que deriven dela.

Disposición transitoria cuarta.

Para o ano 2012, salvo o cambio de motor auxiliar, os investimentos relacionados con melloras do rendemento enerxético serán obxecto dunha convocatoria específica, entendendo por rendemento enerxético todos aqueles investimentos que tenten optimizar a xeración de enerxía en relación coa súa demanda no buque, o aproveitamento da enerxía residual, así como aqueles investimentos que reduzan o consumo de combustible no buque.

Disposición transitoria quinta.

Unicamente para a convocatoria do ano 2012 terán validez as actas de non inicio realizadas con posterioridade ao 1 de xaneiro de 2011, cuxas solicitudes non se puidesen presentar por estar pechado o prazo ou existir a imposibilidade de que fosen atendidas no dito exercicio económico de 2011, salvo que o solicitante renunciase á axuda.

Disposición transitoria sexta.

Aqueles solicitantes aos cales se lles conceda a axuda nesta convocatoria do ano 2012, e renuncien, non acepten ou se lles declare decaídos no seu dereito de cobramento, serán inadmitidos na seguinte convocatoria.

Disposición derradeira única.

Esta orde producirá efectos a partir do día seguinte ao da súa publicación no *Diario Oficial de Galicia*.

Santiago de Compostela, 12 de decembro de 2011.

Rosa M.^a Quintana Carballo
Conselleira do Mar



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DO MAR

ANEXO I

UNIÓN EUROPEA
FONDO EUROPEO
DA PESCA



PROCEDEMENTO AXUDAS AUTONÓMICAS PARA INVESTIMENTOS NA FROTA PESQUEIRA DE GALICIA	CÓDIGO DO PROCEDEMENTO PE107D	DOCUMENTO SOLICITUDE
--	---	--------------------------------

DATOS DO/A SOLICITANTE

<input type="checkbox"/> ARMADOR	<input type="checkbox"/> PROPIETARIO		
PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO	PROVINCIA	CONCELLO	
LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO	FAX

E, na súa representación:

PRIMEIRO APELIDO	SEGUNDO APELIDO	NOME	NIF
ENDEREZO	PROVINCIA		
CONCELLO	LOCALIDADE	CÓDIGO POSTAL	TELÉFONO

DATOS BANCARIOS

CÓDIGO DO BANCO	CÓDIGO DE SUCURSAL	DÍXITOS CONTROL	CÓDIGO DA CONTA CORRENTE
NOME DA ENTIDADE		ENDEREZO (RÚA)	
PROVINCIA	CONCELLO	CÓDIGO POSTAL	

DATOS DO BUQUE

Nome do barco	Matrícula e folio
Autorización para a modernización de data:	
Asociación ou organización pesqueira:	

AUTORIZO O ÓRGANO XESTOR

O financiamento destas axudas é: 61% FEP, 39% Estado membro

A comprobar os datos de identidade mediante consulta ao sistema de verificación de datos segundo o Decreto 255/2008, do 23 de outubro, e a Orde do 7 de xullo de 2009.

A PRESENTACIÓN DESTA SOLICITUDE IMPLICA QUE O SOLICITANTE AUTORIZA O ÓRGANO XESTOR:

- A obter dos organismos competentes os certificados de que a entidade que represento está ao día no cumprimento das obrigas tributarias e sociais e non ten débedas pendentes de pagamento á Xunta de Galicia.
- A facer públicos nos rexistros da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, os datos relevantes referidos as axudas e subvencións recibidas, así como as sancións impostas, de ser o caso.
- A publicar, en virtude do artigo 13, punto 4, da Lei 4/2006, do 30 de xuño, de transparencia e de boas prácticas na Administración pública galega, na páxina web da consellería, o feito de ser beneficiario dunha axuda e o seu importe, polo que a presentación da solicitude leva implícita a autorización para o tratamento necesario dos datos do beneficiario.

DECLARO: non estar incurso en ningunha das causas de prohibicións establecidas no artigo 10 da Lei 9/2007, do 13 de xuño, de subvencións de Galicia, para obter a condición de beneficiario dunha subvención.

En cumprimento do disposto no artigo 5 da Lei orgánica 15/1999, de protección de datos de carácter persoal, infórmo de que os datos persoais recollidos nesta solicitude, se incorporarán a un ficheiro, para o seu tratamento, coa finalidade da xestión deste procedemento. Vostede pode exercer os dereitos de acceso, rectificación, cancelación e oposición previstos na lei mediante un escrito dirixido a esta consellería como responsable do ficheiro.

LEXISLACION APLICABLE

- Regulamento (CE) 1198/2006, do 27.7.2006 relativo ao Fondo Europeo da Pesca.
- Regulamento (CE) 744/2008, do 24.7.2008, polo que se establece unha acción específica temporal para promover a reestruturación das frotas pesqueiras da Comunidade Europea afectadas pola crise económica.
- Orde do 31 de maio de 2010 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas aos investimentos a bordo de buques pesqueiros e selectividade cofinanciadas co Fondo Europeo da Pesca.
- Orde do 12 de decembro de 2011 pola que se convocan axudas aos investimentos a bordo de buques pesqueiros e selectividade para o exercicio 2012, cofinanciadas co Fondo Europeo de Pesca, tramitada como anticipado de gasto.

SINATURA DO/A SOLICITANTE OU PERSOA QUE O/A REPRESENTA

Lugar e data

, de de

(Para cubrir pola Administración)

RECIBIDO
REVISADO E CONFORME

NÚMERO DE EXPEDIENTE
DATA DE ENTRADA
DATA DE EFECTOS
DATA DE SAÍDA

Director xeral de Competitividade e Innovación Tecnolóxica



XUNTA DE GALICIA

ISSN1130-9229

Depósito legal C.494-1998

<http://www.xunta.es/diario-oficial-galicia>

ANEXO II.A

DECLARACIÓN DE FINANCIAMENTO DO PROXECTO

Don/Dona			
Solicitante de subvención para investimentos a bordo do buque pesqueiro			
DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE QUE SON CERTOS OS DATOS QUE ABAIXO FIGURAN ACERCA DO FINANCIAMENTO DO PROXECTO			
Axudas concedidas:			
<input type="checkbox"/> Non se lle concedeu ningunha axuda para este mesmo proxecto			
<input type="checkbox"/> Si se lle concedeu axuda para este mesmo proxecto			
<i>Tipo de axuda</i>	<i>Data da resolución</i>		
Axudas solicitadas:			
<input type="checkbox"/> Non solicitou ningunha outra axuda para este mesmo proxecto			
<input type="checkbox"/> Si solicitou axuda para este mesmo proxecto			
<i>Tipo de axuda</i>	<i>Data da solicitude</i>		
Outras fontes de financiamento para o proxecto:			
Recursos propios: importe		Préstamos: importe	
Entidade			
Outros (especificquense)			
<i>Lugar e data</i>			
, de de			
Asdo.:			

ANEXO II.B

DECLARACIÓN RESPONSABLE

Don/Dona		, con DNI n.º	
DECLARA:			
<input type="checkbox"/> Que non ten pendente de pagamento ningunha sanción firme por infracción da normativa marítimo-pesqueira vixente.			
<input type="checkbox"/> Que non participa na explotación, xestión ou propiedade dos buques incluídos na lista comunitaria dos buques INDNR (pesca ilegal non declarada e non regulamentada) ao abeiro do Regulamento (CE) 1005/2008 do Consello, do 29 de setembro de 2008, polo que se establece un sistema comunitario para previr, desalentar e eliminar a pesca ilegal, non declarada e non regulamentada.			
<i>Lugar e data</i>			
, de de			
Asdo.:			

ANEXO III

AUTORIZACIÓN DE DATOS DE IDENTIDADE

Don/Dona	<input type="text"/>	, con DNI n.º	<input type="text"/>
en calidade de representante de don/dona	<input type="text"/>		
E X P Ó N:			
Que AUTORIZA EXPRESAMENTE a Consellería do Mar á comprobación dos datos de identidade mediante consulta ao sistema de verificación de datos de identidade. (En caso contrario, deberá achegar a fotocopia cotexada do DNI).			
<i>Lugar e data</i>			
_____, de _____ de _____			
Asdo.:			

ANEXO IV
FORMULARIO DAS OBRAS DE INVESTIMENTO

Desagregación das obras en función dos aspectos ou investimentos subvencionables.

	Importe (sen IVE)
1. Mellora das medidas de seguridade	
-	<input style="width: 100%;" type="text"/>
-	<input style="width: 100%;" type="text"/>
-	<input style="width: 100%;" type="text"/>
SUMA	<input style="width: 100%;" type="text"/>
Memoria: (para cada un dos investimentos solicitados, deberá explicarse con detalle a mellora que supón o dito investimento, senón é causa de inadmisión da solicitude)	
2. Mellora das condicións de traballo	
-	<input style="width: 100%;" type="text"/>
-	<input style="width: 100%;" type="text"/>
-	<input style="width: 100%;" type="text"/>
SUMA	<input style="width: 100%;" type="text"/>
Memoria: (para cada un dos investimentos solicitados, deberá explicarse con detalle a mellora que supón o dito investimento, senón é causa de inadmisión da solicitude)	
3. Mellora das condicións de hixiene ou calidade dos produtos	
Importe (sen IVE)	
3.i. Substitución de madeira naquelas partes da embarcación ou noutros elementos que estean en contacto cos produtos da pesca por material impermeable e axeitado para o contacto cos produtos da pesca	
	<input style="width: 100%;" type="text"/>

CVE-DOG: r17kwn57-5cv3-6hk6-rmu5-i62ytzhufon4

	Importe (sen IVE)
3.ii. Sistemas que melloren a conservación dos produtos da pesca a bordo.	
<input type="text"/>	<input type="text"/>
3.iii. Sistema de mellora da rastrexabilidade dos produtos pesqueiros a bordo.	
<input type="text"/>	<input type="text"/>
3.iv. Outros investimentos distintos dos anteriores.	
<input type="text"/>	<input type="text"/>
	SUMA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
Memoria: (para cada un dos investimentos solicitados, deberá explicarse con detalle a mellora que supón o dito investimento, senón é causa de inadmisión da solicitude)	
<input type="text"/>	
4. Mellora da selectividade	Importe (sen IVE)
- <input type="text"/>	<input type="text"/>
- <input type="text"/>	<input type="text"/>
- <input type="text"/>	<input type="text"/>
	SUMA
<input type="text"/>	<input type="text"/>
Memoria: (para cada un dos investimentos solicitados, deberá explicarse con detalle a mellora que supón o dito investimento, senón é causa de inadmisión da solicitude)	
<input type="text"/>	

5. Substitución das artes de pesca
(Artes de pesca máis selectivas)

TIPO ARTE PESCA ANTERIOR	TIPO ARTE PESCA NOVO	IMPORTE
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
MATERIAL ANTERIOR	MATERIAL NOVO	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	

Memoria dimensións anterior (cando se trate de arte: luz de malla exterior e interior para os distintos panos, n.º de pezas, lonxitude e altura; cando se trate de aparello: lonxitude e n.º de anzois; cando se trate de nasas: n.º, altura e dimensión da malla)

Memoria dimensións novo (cando se trate de arte: luz de malla exterior e interior para os distintos panos, n.º de pezas, lonxitude e altura; cando se trate de aparello: lonxitude e n.º de anzois; cando se trate de nasas: n.º, altura e dimensión da malla)

Sinálese o que proceda:

Tivo substitución. Indíquese cando:

Plan de recuperación. Indíquese o Plan:

Nova arte máis selectiva e prácticas ambientais recoñecidas máis estrictas (deberá explicar por que é máis selectivo e en que é máis estrito que a lexislación vixente)

Garantir que se axuste aos novos requisitos técnicos en materia de selectividade estipulados na lexislación comunitaria. A axuda poderase conceder ata a data en que sexa obrigatorio, ou excepcionalmente durante un corto período despois desta data.

Reducir o impacto da pesca nas especies non comerciais (explicar por que)

Non cubrir algún dos datos nos recadros anteriores, cando proceda, será causa de inadmisión da solicitude

CVE-DOG: r17kwn57-5cv3-6hk6-rmu5-i62ytzhufon4

Outra información:	
<div style="background-color: #ffffcc; height: 100px;"></div>	
6. Mellora do rendemento enerxético (cambio de motor auxiliar)	Importe (sen IVE)
- <div style="background-color: #ffffcc; height: 30px;"></div>	<div style="background-color: #ffffcc; width: 100px; height: 15px;"></div>
- <div style="background-color: #ffffcc; height: 30px;"></div>	<div style="background-color: #ffffcc; width: 100px; height: 15px;"></div>
- <div style="background-color: #ffffcc; height: 30px;"></div>	<div style="background-color: #ffffcc; width: 100px; height: 15px;"></div>
	SUMA <div style="background-color: #ffffcc; width: 100px; height: 15px;"></div>
Memoria: (para cada un dos investimentos solicitados, deberá explicarse con detalle a mellora que supón o dito investimento, senón é causa de inadmisión da solicitude)	
<div style="background-color: #ffffcc; height: 100px;"></div>	
7. Investimentos do artigo 6.2 desta orde	Importe (sen IVE)
- <div style="background-color: #ffffcc; height: 30px;"></div>	<div style="background-color: #ffffcc; width: 100px; height: 15px;"></div>
- <div style="background-color: #ffffcc; height: 30px;"></div>	<div style="background-color: #ffffcc; width: 100px; height: 15px;"></div>
- <div style="background-color: #ffffcc; height: 30px;"></div>	<div style="background-color: #ffffcc; width: 100px; height: 15px;"></div>
	SUMA <div style="background-color: #ffffcc; width: 100px; height: 15px;"></div>
Memoria: (deberá explicarse para cada un dos investimentos solicitados a mellora que supón o dito investimento, senón é causa de inadmisión da solicitude)	
<div style="background-color: #ffffcc; height: 100px;"></div>	

8. Substitución do motor			
<input type="checkbox"/> <i>Pesca costeira artesanal definida no artigo 26 do FEP</i>			
POTENCIA MOTOR ACTUAL	POTENCIA MOTOR NOVO	IMPORTE	
<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>	
<input type="checkbox"/> <i>Menos de 24 metros non incluídos no punto anterior</i>			
POTENCIA MOTOR ACTUAL	POTENCIA MOTOR NOVO	IMPORTE	
<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>	
<input type="checkbox"/> Grupo (cando proceda)			
<i>Cód. buque</i>	<i>Nome</i>	<i>Zonas xestión pescan</i>	<i>Arte pesca principal</i>
1	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>
2	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>
3	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>
4	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>
5	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>
<small>(No caso de necesitar máis recadros, relaciónense os buques nunha folia á parte)</small>			
<input type="checkbox"/> <i>Máis de 24 metros (arrastreiros)</i>			
POTENCIA MOTOR ACTUAL	POTENCIA MOTOR NOVO		
<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>		
<input type="checkbox"/> Grupo (cando proceda)			
<i>Cód. buque</i>	<i>Nome</i>	<i>Zonas xestión pescan</i>	<i>Arte pesca principal</i>
1	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>
2	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>
3	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>
4	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>
5	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>	<input style="width: 90%;" type="text"/>
<small>(No caso de necesitar máis recadros, relaciónense os buques nunha folia á parte)</small>			

CVE-DOG: r17kwn57-5cv3-6hk6-rmu5-i62ytzhufon4

ANEXO V

DECLARACIÓN DOUTRAS AXUDAS (PAGAMENTO)

O/A solicitante

no momento de presentar esta petición de pagamento da axuda concedida pola Consellería do Mar, e en relación a outras axudas ou subvencións concedidas ou solicitadas de calquera Administración ou ente público ou privado, nacional ou internacional, e para este mesmo expediente de axudas para investimentos a bordo de buques pesqueiros

DECLARA BAIXO A SÚA RESPONSABILIDADE

Axudas concedidas:

Non se lle concedeu ningunha axuda para este mesmo proxecto

Si se lle concedeu axuda para este mesmo proxecto

<i>Tipo de axuda</i>	<i>Data da resolución</i>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

Axudas solicitadas:

Non solicitou ningunha outra axuda para este mesmo proxecto

Si solicitou axuda para este mesmo proxecto

<i>Tipo de axuda</i>	<i>Data da solicitude</i>
<input type="text"/>	<input type="text"/>
<input type="text"/>	<input type="text"/>

Lugar e data

_____, de _____ de _____

Asdo.:

ANEXO VI

Artigo 15, punto 4, desta orde. Criterios de selección.

Márquese o que proceda:	Si	Non
I. O buque é proveedor habitual da marca de calidade "pescadeRías".	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
II. O armador ou propietario do buque ten acordos con outros armadores para a redución de custos de, polo menos, o buque para o cal solicita axuda.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
III. O buque ten mulleres enroladas desde, polo menos, a data da presentación da solicitude.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
IV. O buque ten asinado un convenio colectivo ou está adherido a algún existente. Indicación do convenio: <input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
V. O buque pertence a unha organización de produtores. OPP a que pertence: <input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
VI. O buque pertence a algunha organización promotora dalgunha medida de autorregulación (norma de extensión, etc....) nos últimos 3 anos. Organización promotora: <input type="text"/> Medidas de autorregulación: <input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
VII. O buque ten implantado un sistema de xestión da calidade, seguridade alimentaria. Indicación do sistema: <input type="text"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
VIII. Polo menos nunha parte o buque intervéñ na comercialización dos seus produtos pesqueiros.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
IX. A empresa solicitante da axuda favorece a inserción laboral de discapacitados ou persoas en situación de exclusión social.	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

CVE-DOG: rl7kwn57-5cv3-6hk6-rmu5-i62ytzhufon4

ANEXO VII

DENOMINACIÓN DA SOCIEDADE <i>(sexa sociedade civil ou comunidade de bens)</i>	<input type="text"/>
CIF:	<input type="text"/>
Data de constitución:	<input type="text"/>

Os que asinan abaixo:

DECLARAMOS BAIXO A NOSA RESPONSABILIDADE

Que temos constituída unha sociedade coa denominación do encabezamento da cal formamos parte, no día de hoxe, os seguintes membros:

NOME	APELIDOS	NIF	% NO QUE PARTICIPA	SINATURA
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>	

Así mesmo, declaramos que son certos todos e cada un dos datos reflectidos nesta declaración.

Lugar e data

_____, de _____ de _____

NOTA: inclúanse exclusivamente todos os socios da comunidade.